



Queres colaborar como voluntario/a no teu concello durante o verán do 2016?

O CONCELLO DA BAÑA BUSCA 8 VOLUNTARIOS/AS PARA APOIAR AS ACTIVIDADES DO CAMPAMENTOS DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2016

Ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, o **Concello da Baña selecciona 8 voluntarios/as** para apoiar as actividades dos Campamentos nos meses de xullo e agosto de 2016.

Despois do éxito das experiencias dos anos 2014 e 2015, animamos ás mozas e mozos con idades comprendidas **entre os 16 e 30 anos de idade**, empadroadas/os no Concello da Baña, a que participen neste proxecto relacionado co tempo libre e que favorece a conciliación da vida familiar e laboral da veciñanza.

Cada participante obterá unha **dotación de 6 euros por día** que exerza como voluntaria/o para gastos de manutención e transporte (cun mínimo de 6 horas ao día e por un total de 60 días). Durante o tempo de execución do proxecto, as persoas voluntarias terán cobertura do seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

Ao finalizaren os proxectos, as persoas voluntarias que participen neles obterán da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un **certificado de educación non formal** acreditativo da acción voluntaria desenvolvida.

Este ano, poderán volver a participar as persoas voluntarias que concorresen á mesma convocatoria en anos anteriores.

As persoas interesadas deberán cubrir a SOLICITUDE e entregala no concello, **ata o luns 20 de xuño de 2016**, xunto **cunha copia do DNI** a través das seguintes vías:

- Por correo electrónico, no enderezo: alicia.blanco.sande@gmail.com (Indicarase no asunto: Solicitud de voluntariado na Baña 2016).
- Persoalmente nos Departamentos de Cultura e/ou Emprego do Concello da Baña (na planta alta).
- No caso dos/as menores de idade, será preciso achegar tamén copia do DNI e autorización do/a pai/nai/titor/a legal.

Máis información nos teléfonos: 981 886 501 – 607 721 711

A Baña, 10 de xuño de 2016



Alicia Blanco Sande, concelleira de Cultura, Emprego, Servizos Sociais e Educación

